

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEAREAS

Persoal, oposicións

MODIFICACIÓN BASES ESPECÍFICAS E CONVOCATORIA DE TÉCNICO/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA APROBADAS POR DECRETO DA ALCALDÍA 2022-2468, DE 16 DE DECEMBRO, OPE ESTABILIZACIÓN 2022

ANUNCIO 3ª RECTIFICACIÓN POR ESTIMACIÓN RECURSO

CONCELLO DE PONTEAREAS

Persoal, oposicións

Por Resolución da Alcaldía 2023-0287, de data 07/02/2023, mediante o cal se estima o recurso de reposición presentado contra ás Bases Específicas e convocatoria de Técnico/a de Normalización Lingüística que regularán o proceso de Estabilización e Consolidación do Emprego Temporal e Creación de Bolsas de Traballo, segundo a Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a Redución da Temporalidade no Emprego Público, aprobadas por Resolución da Alcaldía nº 2022-2468, do 16 de decembro de 2022, se modifica o punto 4 e 5.A das mesmas e consecuentemente, *onde dicía:*

“4. Requisitos específicos

a) Titulación.-

Estar en posesión da titulación de GRAO UNIVERSITARIO OU EQUIVALENTE; Grao nunha titulación da rama de humanidades ou ciencias sociais e xurídicas que habilite para o exercicio das funcións do posto.

b) Lingua galega.- Estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente. Non obstante, aqueles aspirantes que non posúan este requisito poderán acreditar o seu coñecemento da lingua galega mediante a superación dunha proba nos termos establecidos nas bases xerais da convocatoria.

C) Taxa a satisfacer para participar no proceso selectivo : Grupo A1 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 45,00€ ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que dé dereito á exención ou de ser o caso, recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.

5. Tipo de provisión: Concurso.

.../...

A. Formación (Máximo 40 puntos)



Xoves, 2 de marzo de 2023

Núm. 43

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes AAPP, ou outras entidades do Sector Público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continúa cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto obxecto da convocatoria, e os considerados transversais por o seu interese, como por exemplo coñecemento da lingua galega (nivel superior ao exixido na Convocatoria), os relacionados coa prevención de riscos laborais, regulación das empregadas e empregados públicos, transparencia, protección de datos, igualdade, protección de colectivos vulnerables, protección do medio ambiente, ofimática e atención ás cidadás e cidadáns, ou equivalentes.

0,40 puntos por hora (no computándose as fraccións inferiores á hora) ata un máximo de 40 puntos.”

Deberá dicir:

“4. *Requisitos específicos*

a) Titulación.-

Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Grao en Lingua e Literaturas galegas, grao en estudos de galego e español, grado en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios, as licenciaturas equivalentes aos ditos graos, ou licenciatura en Filoloxía Hispánica ou outras titulacións superiores (grao ou licenciatura) pertencentes á Área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociáis, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5)”.

b) Taxa a satisfacer para participar no proceso selectivo : Grupo A1 ou Laboral Fixo ao Nivel equivalente: 45,00€ ou certificado de discapacidade ou inscrición no servizo público de emprego que dé dereito á exención ou de ser o caso, recoñecemento da condición de familia numerosa para gozar da bonificación do 50% na taxa por dereitos de exame.

5. Tipo de provisión: Concurso.

.../...

A. Formación (Máximo 40 puntos)

Valorarase a realización de cursos homologados polas diferentes AAPP, ou outras entidades do Sector Público ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continúa cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias do posto obxecto da convocatoria, e os considerados transversais por o seu interese, como por exemplo, os relacionados coa prevención de riscos laborais, regulación das empregadas e empregados públicos, transparencia, protección de datos, igualdade, protección de colectivos vulnerables, protección do medio ambiente, ofimática e atención ás cidadás e cidadáns, ou equivalentes.

0,40 puntos por hora (no computándose as fraccións inferiores á hora) ata un máximo de 40 puntos.”



Xoves, 2 de marzo de 2023

Núm. 43

Contra a devandita Resolución que pon fin á vía administrativa, pode interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante este órgano, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao de publicación deste anuncio no BOPPO, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; ou ben interpor directamente recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo desta Provincia, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si optácese por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor recurso contencioso -administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor Vd. calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Pontearreas, documento asinado electronicamente

A Alcaldesa-presidenta

Cristina Fernández Davila

